

Peza: alquerque de 9

Nº de inventario: D-816.2274/46

Peza favorita de Ignacio Ignacio Granda Romalde.

Cruces de prata, figas de acibeche, óleos sobre bronce... Ao lado de todas estas pezas, a miña peza favorita é un anaco de pedra cunhas marcas talladas que non parecen gran cousa, a única peza que podes reproducir no chan cun anaco de xiz e que podes compartir cos demais.

Cando era máis mozo visitei unha pequena vila en Rumanía chamada «Doi Mai». Eu non sabía falar romanés, polo que comunicarme cos locais resultaba unha tarefa realmente dura. O primeiro día chamoume a atención un grupo de homes reunidos en torno a un estraño taboleiro o cal nunca vira, xogaban a un xogo aparentemente simple, mais non rematei de comprendelo.

Ao cabo de varios días achegándome a observar, comecei a comprender as regras e animeime a xogar contra eles. Falábamos linguas diferentes, pero ao xogar a aquel xogo estábamos a comunicarnos.

Ao cabo dos anos, comecei as prácticas no Museo das Peregrinacións e de Santiago, o que non sabía, era que ía a atoparme cun vello coñecido. Alí estaba, inciso sobre pedra, o mesmo taboleiro no que eu xogaba en Romanía.

A miña peza favorita do Museo das Peregrinacións e de Santiago é o alquerque, ou *duplum molendinum*, como se lle chama en latín.

Aínda que o xogo estivo en constante cambio e evolución, o taboleiro mantívose inmutable co paso dos séculos. Cambiamos a esclavina polo chufasqueiro do *Decathlon*, cambiamos as *compostelas* por *selfies* na praza do Obradoiro... pero o *duplum molendinum*, o alquerque de Rocha Forte e o xogo que vin en Romanía perduran.

Ignacio Granda Romalde